



semana DA EDUCACIÓN
2017 Concello de Tomiño

"Aprender a educar: educación non formal a nivel local para cambiar a realidade global"
Do 13 ao 16 de febreiro Auditorio de Goián (Tomiño)

Luns 13 de febreiro ás 19:00 h

MAR ROMERA

Mar Romera Maestra é licenciada en pedagogía e en psicopedagogía. É especialista en intelixencia emocional, máster en Intelixencias múltiples e autora de diversos de libros dedicados á escola, á infancia e á didáctica activa. É a presidenta da Asociación Pedagóxica Francesco Tonucci, membro do equipo do Observatorio Internacional "Tuinnovas", membro do consello Asesor da revista Aula de Innovación Educativa Graó e Conselleira de Honra do Consello Independente de Protección da Infancia. É directora do máster "Intelixencias Múltiples" no grupo Florida Universitaria en Granada, Valencia e Madrid; ademais asesora pedagóxica en diferentes centros. Autora e coordinadora do modelo pedagóxico "Educar con tres Cs: capacidades, competencias e corazón", colaboradora en formación permanente do profesorado coas diferentes consellerías de educación. Cando descubriu a Logan Laplante (13 anos) soubo que a súa profesión sería "hacker da educación".



CONFERENCIA: EDUCAR CON TRES CS: CAPADIDADES, COMPETENCIAS E CORAZÓN

Moito se anda falar das competencias básicas e pouco a concretar...; corremos o risco de que queden no meramente discursivo ou na "literatura" dos documentos programáticos dos centros educativos. O currículo de educación infantil de Galicia é o único do Estado que incluíu as competencias básicas; a propia LOE indica que se desenvolverán no ensino básico, pero por coherencia entre as distintas etapas educativas, contempouse a súa iniciación na educación infantil. Para o profesorado de educación infantil non debería entrañar ningunha dificultade nin ser nada novo.

En palabras de Mar Romera Morón hai "tres dimensións necesarias" e "sete sentidos" que debe ter un bo profesional do ensino, os cinco máis o sentido común e o sentido do humor. Con isto, como se de un xogo de palabras se tratara, organiza os "sete tríos das 3Cs".

"A clave do traballo por competencias está na elección das tarefas, na implicación e a responsabilidade do docente, nos seus potenciais, nos seus gustos, no seu afán de superación e nas súas propias competencias docentes, nunca relacionadas cos contidos que se traballan."

Martes 14 de febreiro ás 19:00 h

ANTONIO LAFUENTE

Antonio Lafuente García é investigador científico do Centro de Ciencias Humanas e Sociais (CSIC) na área de estudos da ciencia. Traballou na expansión colonial da ciencia e na relación da ciencia cos seus públicos e o coñecemento profano. Máis recentemente investiga a relación entre tecnoloxía e procomún, así coma os nexos entre novos e vellos patrimonios. O interese polos bens común conduciuile ao estudo dos problemas que plantexa a expansión dos dereitos de propiedade intelectual na ciencia, coma tamén á análise das implicacións que teñen os conceptos de gobernanza, open knowledge, participación, democracia técnica, biz science e cultura científica. Dirixe dende os seus inicios no ano 2007 o Laboratorio do procomún no MediaLab-Prado de Madrid, Lafuente define o procomún como «o que é de todos e ningún ao mesmo tempo... evoca a existencia de bens que van dende os vellos pastos comunais aos novos mundos da biodiversidade, o folclore ou a gastronomía». A súa posición intelectual defende a apertura do coñecemento e a democratización do mesmo, sen que poida quedar dentro dun reduto reservado aos expertos.



CONFERENCIA: PEDAGOXÍAS DA ESCOITA OU COMO APRENDER A DESAPRENDER

Moitos proxectos pedagóxicos queren convencer nos de que nos queda moito por aprender e prometen métodos creativos, divertidos, gratuítos, personalizados, prácticos e/ou modernos. Todas as pedagogías manan dunha convicción simple: hai un déficit que corrir. Así que aprender ten que ver con desenvolver habilidades cognitivas desas que caben nos manuais de instrucións e que serven para responder tests de avaliación. Agora queremos invitalos a desaprender. Ímoslle propor unha pedagogía da escoita: un xesto que consiste en renunciar ao (moito) que saben para acercarse a outras formas de mirar ou de narrar o mundo. Ímos argumentar a necesidade, quizais de urxencia, de desprenderse de todo iso que lles impide comprender a moita sabedoría que hai nos corpos e nas vivencias dos outros, especialmente entre os que balbucen, titubean e tartamudean. En fin, que queremos darlle unha oportunidade ás pedagogías que antepoñen os coidados aos diagnósticos, os efectos ás responsabilidades e as escoitas ás leccións.

Mércoles 15 de febreiro ás 19:00 h

BEGOÑA IBARROLA

Begoña Ibarrola é licenciada en Psicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid, exerceu como terapeuta infantil durante 15 anos, traballo sempre vinculado ao mundo das emocións. Ata 1996 traballou con nenas e nenos e adolescentes con discapacidade e problemas de conduta. Naquel tempo comezou a escribir e na actualidade compaxina docencia, investigación e escritura; tendo máis de 190 contos publicados e traducidos a 9 idiomas, entre eles o galego. Dende 1994 realiza cursos de Educación Emocional en varios Centros de Formación de Profesores dependentes do Ministerio de Educación e dende 2000 é profesora do Máster en Musicoterapia da Facultade de Medicina da Universidade Autónoma de Madrid. Entre os seus traballos en "Ediciones SM" Ibarrola é coautora dos dous Programas de Intelixencia Emocional "Sentir e Pensar", dirixidos a Educación Infantil e Primaria. Así mesmo, é autora da integración curricular da Educación Emocional nos libros de texto de Educación Primaria de SM.



CONFERENCIA: APRENDER A SER UN MESMO E UNHA MESMA E A CONVIVIR EN ARMONÍA: CLAVES PARA CAMBIAR O MUNDO

En 1999 a UNESCO publicou o informe Delors. Neste informe faise referencia aos cambios de estilos de vida que vive o mundo contemporáneo, analiza as tensións que iso provoca e plantexa solucións e alternativas para a educación do século XXI. Tras recomendar cómo debemos superar estas tensións, o informe di textualmente: "Iso que propomos supón transcender a visión puramente instrumental da educación considerada como a vía necesaria para obter resultados (diñeiro, carreiras, etc.) e supón cambiar para considerar a función que ten na súa globalidade a educación: a realización da persoa, que toda enteira debe aprender a ser". O informe destaca así mesmo o papel das emocións facendo fincapé na necesidade de educar a dimensión emocional do ser humano xunto a súa dimensión cognitiva, tarefa na que se centrou tradicionalmente o entorno educativo.





Xoves, 16 de febreiro ás 19:00 h

ANTO RECIO

Responsable de proxectos de Coñecemento Libre e Innovación Social en Fundecyt-Pctex, Anto Recio leva varios anos traballando en proxectos de desenvolvementos colaborativos internacionais, como coñecedor das comunidades de desenvolvemento de software libre e xerador de sinerxias entre estas e as Institucións Públicas. Dende o punto de vista teórico, o seu traballo explora as relacións entre a tecnoloxía e a sociedade e a súa aplicación pragmática cunha perspectiva humanista das novas tecnoloxías. Interesado polo coñecemento libre e o aproveitamento común do coñecemento, Anto avoga por novas formas de xestión cultural nas que o aberto e colaborativo supoñen un novo horizonte a explorar.



CONFERENCIA: ONE LAPTOP PER CHILD (UN ORDENADOR POR NENA/O)

O programa "One Laptop Per Child" foi creado pola Universidade MIT nos Estados Unidos no ano 2005 coa visión do Sr. Nicholas Negroponte de mellorar a calidade da educación das nenas e nenos das zonas vulnerables arredor do mundo, brindándolles a oportunidade de acceder a unha poderosa ferramenta educativa: unha computadora portátil robusta, de baixo custo e consumo, con conexión a internet e programada con contidos e software deseñados para a aprendizaxe alegre, colaborativo e autodidáctico. Ademais, o programa OLPC foi executado con éxito en máis de 20 países arredor do mundo.



INSCRIPCIÓN GRATUITA E CERTIFICADO DE ASISTENCIA

PARA MÁIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS

OMIX (Barrio Rocha, 8 - Antigo Centro de Saúde. Tomiño)

omix@tomiño.gal

986 62 20 01/02/03

Inscripción aberta até o 13 de febreiro ás 13 h



semana DA EDUCACIÓN
2017 Concello de Tomiño

Se quedas con ganas de máis...

Sabías que o Pazo da Cultura de Pontevedra acollerá en abril unha exposición sobre a educación entorno a figura do pedagogo italiano Francesco Tonucci?

"Aprender a educar: educación non formal a nivel local para cambiar a realidade global"
Do 13 ao 16 de febreiro Auditorio de Golán (Tomiño)